

**SECRETARÍA XERAL**  
**Xestión de Xuntas de Goberno**  
**2019/G007/000011**

**DNA. ANA RAMOS RAMOS, SECRETARIA XERAL, DO CONCELLO DE ARTEIXO  
(A CORUÑA)**

**C E R T I F I C A:**

Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada o 21 de marzo de 2019, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

**"7. APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA DENOMINADA: SUSTITUCIÓN CÉSPED ARTIFICIAL CAMPO DE FÚTBOL PONTE DOS BROZOS.-**

**ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**Proposta de Acordo**

**Contratación**

**Contratación de Obras: 2018/C003/000024**

**Expediente de Proposta:**

**EXP: 2018/ C003/000024**

Dº José Ramón Amado de la Fuente Concelleiro da ÁREA DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS formula a seguinte:

**PROPOSTA**

Dase conta da necesidade da contratación da obra nomeada "SUSTITUCIÓN DEL CÉSPED ARTIFICIAL DEL CAMPO DE FÚTBOL PONTE DOS BROZOS" emítese o seguinte:

Consta no expediente memoria de xustificación da necesidade da obra realizada polo Concelleiro da Área de Obras e Servizos Municipais de data 17 de agosto de 2018 CVD: Y3J6+96xaum+EZDIzt0t no que se describe a necesidade da Administración coa que se pretende dar satisfacción mediante a contratación da obra, a elección do procedemento de licitación e os criterios de solvencia e os que se teñen en consideración para a adxudicación do contrato. Consta asimismo memoria de necesidade emitida el 17 de agosto de 2018 polo Servizo de Deportes do Concello de Arteixo, CVD: tzc6MWZ1nB8T1fvdNwfK.

Consta informe de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto técnico municipal don Julio Amieiro Gómez con data con fecha 20 de febreiro de 2019 CVD: 2JUIb9mbBv5r2vMaGL0+, acta de replanteo da mesma data CVD: acGdEKuMRUWLFhjs8WB, e informe xurídico asinado

polo técnica de administración xeral Carmen del Río Rodríguez o día 15 de marzo de 2019, conformado pola Secretaria Xeral D<sup>a</sup>. Ana Ramos Ramos o 18 de marzo seguinte CVD: wvhxdaOzCF/zzyxRTkvn.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao devandito contrato e propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.**- Aprobar o contido íntegro do expediente de contratación da obra nomeada "SUSTITUCIÓN DEL CÉSPED ARTIFICIAL DEL CAMPO DE FÚTBOL PONTE DOS BROZOS" cun orzamento de execución por contrata de 238.452,29 €, IVE incluído (21%)

**SEGUNDO.**- Declarar e dispoñer a apertura do procedemento de contratación por aberto para a selección da oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, por ser este o procedemento ordinario de acordo co artigo 131.2 e resultar posible acudir a unha multiplicidade de criterios de acordo co artigo 145 da citada norma.

**TERCEIRO.**- Aplicar a presente contratación prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán a contratación mediante procedemento aberto. Os criterios de puntuación escollidos responden o mandato de eficiencia no gasto público e a obtención de maiores calidades no resultado da prestación.

**CUARTO.**- Aprobar o gasto con cargo á aplicación correspondente do orzamento vixente por importe de 238.452,29 €, IVE incluído (21%).

**QUINTO.**- De conformidade co establecido na Disposición Adicional Terceira da LCSP, e vista a composición da Mesa de Contratación designar como vocal técnico á enxeñeira municipal Dona Carlota Pita Pita no presente expediente de contratación.

**SEXTO.**- Proceder a publicación dos anuncios correspondentes ao presente expediente de contratación no perfil do contratante do Concello de Arteixo.

**SÉTIMO.**- Facultar ao concelleiro de obras e servizos tan amplamente como sexa necesario para a execución de todo o relacionado co presente acordo.

**OITAVO.**- Designar como responsable do contrato á Dirección Facultativa.

Asdo.- José Ramón Amado de la Fuente  
CONCELLEIRO DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS  
Por delegación, Decreto 1336/2015

**\*\*Pola Secretaria Xeral dase conta de que obra no expediente informe favorable emitido pola Interventora Xeral, D<sup>a</sup> María del Rosario Vázquez Fernández, de data 19 de marzo de 2019, con CVD: Af0gI9eff/Y/cvwLSAJG.**

Visto o anterior, e considerando que a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno Local en virtude das delegacións efectuadas polo Alcalde deste Concello, mediante decreto 1423/2015 de data 17/07/2015, a Xunta de Goberno Local, en VOTACIÓN ORDINARIA e por UNANIMIDADE, acorda prestar aprobación aos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Carlos Calvelo Martínez, que se asina dixitalmente en Arteixo, á data sinalada no documento electrónico por ambos, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.